

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Xunta de Goberno Local do Concello de Concello de Carballo, en Sesión Ordinaria do luns 20 de outubro de 2025, aprobou o seguinte ACORDO:

3.- CONCESIÓN DE SUBVENCIONS

3.1.- Concesión de subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de proxecto de actividade xeral durante o ano 2025. Aprobación.

Na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 19 de maio de 2025 foron aprobadas as "*Bases xerais reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de proxectos de actividade deportiva durante o ano 2025*", e as "*Bases específicas da convocatoria do programa de subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de proxectos de actividade xeral durante o ano 2025*"; publicadas no Bop da provincia de A Coruña nº 97, do 23 de maio de 2025.

Publicouse no Bop da provincia de A Coruña nº 102, de 30 de maio de 2025, o correspondente extracto, relativo á Base Nacional de Datos de Subvencións, e rematou o prazo de presentación de solicitudes o 1 de xullo de 2025.

A totalidade das solicitudes referidas nesta resolución foron presentadas dentro do prazo establecido na convocatoria, e cumpren cos requisitos establecidos nela.

De acordo coa base 9 das Bases reguladoras Xerais, por decreto de alcaldía 2753/2025 do 23 de setembro, designáronse os membros da Comisión Avaliadora, que celebrou a súa xuntanza o día 26 de setembro de 2025.

Consta no expediente o informe do Técnico de Deportes.

Vista a acta da xuntanza e a proposta de resolución provisional, a Alcaldía de esta Entidade Local, en data 26-09-2025 ditou a resolución con número 2807/2025, resolvendo, entre outras, conceder provisionalmente as subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de organización de eventos deportivos e actividades deportivas de carácter extraordinario durante o ano 2025 e abrir un prazo de dez días hábiles para comunicaren, ben o desestimento da solicitude, a reformulación ou o cambio de obxecto, ben para, de o estimar oportuno, presentaren alegacións.

Publicouse a resolución no taboleiro da sede electrónica do Concello de Carballo o día 29-09-2025, e transcorrido o prazo non se reciben alegacións.

O Alcalde, efectúa a proposta de aprobación o día 14/10/2025, no expediente 2025/A002/000014.

Por iso, a Xunta de Goberno Local en uso das competencias delegadas polo Alcalde segundo o Decreto 2944/2025, do 13 de outubro, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Non admitir as solicitudes que se relacionan no Anexo 1, polos motivos que se indican.

Segundo.- Conceder as subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de proxectos de actividade xeral durante o ano 2025 ás entidades que se relaciona no anexo 2, polos importes que se indican, con cargo á aplicación 3410/48900 "Subvencións fomento deporte non nominativas" do Orzamento Municipal en vigor, sendo o importe total proposto de 165.000,00 € .

Terceiro.- Autorizar ás entidades que o solicitaron, e nas condicións especificadas nas solicitudes, para contratar cas persoas e/ou entidades vinculadas á entidade por atoparse nalgunha das circunstancias previstas no art. 68.2 do RD 887/2006, e cumprindo co establecido no artigo 29.7.d da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos termos especificados nas propias solicitudes.

Cuarto.- Exonerar a tódolos beneficiarios da constitución de garantía necesaria para importes de subvención que excedan de 3.000,00 €, segundo o previsto nas bases xerais da convocatoria, xa que declaran insuficiencia financeira para asumir os gastos de constitución da mesma e os que se derivan do proxecto subvencionado.

Quinto.- Ordenar a notificación ós interesados propostos como beneficiarios na forma prevista na Lei39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, para que no prazo de dez días comuniquen a aceptación ó Concello de Carballo, advertindo de que transcorrido o prazo sen terse producido a aceptación expresa, a subvención entenderase tácitamente aceptada.

Sexto.- Ordenar a publicación deste acordo no taboleiro de anuncios do concello de Carballo.

Sétimo.- No cumprimento do disposto no artigo 18.2 da Ley 38/2003, xeral de subvenciones, e demais normativa de desenvolvemento, o Concello de Carballo remitirá a Base de Datos Nacional de Subvenciones información sobre a concesión desta subvención ós respectivos beneficiarios.

Anexo 1.- Subvencións ara o financiamento de proxectos de actividade xeral durante o ano 2025. Non Admitidas.

Subvencións para o financiamento de proxectos de actividade xeral durante o ano 2.025. Non Admitidas.				
Nº	Solicitante	CIF/NIF	Obxecto	Motivo de inadmisión
1	Lenda Educativa SCG	F44879443	Piscina Adaptada 2025/2026	Non admitida por ser beneficiario de subvención directa municipal para o mesmo proxecto durante 2025.

Anexo 2.- Subvencións concedidas para o financiamento de proxectos de actividade xeral durante o ano 2025.

Subvencións concedidas para o financiamento de proxectos de actividade xeral durante o ano 2025.						
Nº	Entidade Solicitante	CIF/NIF	Obxecto	Puntos	Importe Subvención	Orzamento mínimo a xustificar
1	Agrupación Deportiva Fogar da X.	G15160773	Persoal afecto ás actividades de natación, triatlón e atletismo na campaña 2025.	56,10	15.838,89 €	67.924,47 €
2	Asociación Deportiva Xiria	G15113376	Promoción actividade voleibol nas compeicións ano 2025.	43,89	11.750,00 €	33.250,00 €
3	Club Baloncesto ARTAI	G70226675	Actividade Xeral durante o ano 2025.	16,77	2.000,00 €	8.000,00 €
4	Club Ciclista Carballo	G15208879	Escolas de Ciclismo 2025.	13,23	3.735,26 €	8.300,58 €
5	Club Ciclista Monteneme	G15861271	Competición Oficial Federada de Ciclismo 2025.	5,74	1.620,60 €	3.541,01 €
6	Club Fútbol Cances	G13784384	Actividade federada CF Cances Veteráns 2025.	5,35	1.000,00 €	3.000,00 €
7	Club Rítmica Carballo	G13716360	Actividade Xeral Rítmica Carballo 2025.	24,42	6.894,57 €	22.981,90 €

Subvencións concedidas para o financiamento de proxectos de actividade xeral durante o ano 2025.						
Nº	Entidade Solicitante	CIF/NIF	Obxecto	Puntos	Importe Subvención	Orzamento mínimo a xustificar
8	Club Rítmica Pangea Carballo	G56150816	Programa de Actividades 2025.	10,97	3.097,20 €	6.320,77 €
9	Club Taekwondo ITF Carballo	G42888586	Actividade Xeral competitiva durante o ano 2025.	5,16	1.456,84 €	3.025,91 €
10	Club Xadrez O Toque Xiria	G70072582	Actividade Xeral Federada do club xadrez O Toque Xiria Carballo 2025.	10,90	3.010,00 €	6.220,00 €
11	Escola Basket Xiria	G70045844	Promoción do Baloncesto e competición federada Escola Basket Xiria 2025.	72,06	20.344,93 €	110.294,79 €
12	Escola Lubiáns de Hóckey a Patíns	G15149230	Hockei a Patíns competición autonómica e Patinaxe Artístico 2025.	57,84	12.500,00 €	90.200,00 €
13	Escolas Balonmán Xiria	G70046362	Promoción Balonmán nas Competicións 2025.	90,08	25.432,57 €	165.311,71 €
14	Escolas de Fútbol Luis Calvo Sanz	G15794589	Fomento do Deporte Base no Concello de Carballo durante o ano 2025.	40,18	11.344,16 €	24.515,22 €
15	Judo Club Bergantiños	G70457411	Judo Federado 2025 e Competicións Nacionais.	14,48	4.088,18 €	8.176,36 €
16	Karate-Do Carballo	G70319744	Actividade Xeral e adquisición de material deportivo durante o ano 2025.	11,18	3.156,48 €	9.627,26 €
17	S.D. Oza	G70597760	SD Oza. Participación en competición oficial federada 2025.	15,52	3.000,00 €	13.600,00 €
18	S.D. San Lorenzo de Berdillo	G15321060	Fútbol en Verdillo 2025.	14,50	4.093,82 €	12.690,84 €
19	S.D. Sofán	G15603376	SD Sofán Actividade Deportiva 2025.	60,43	17.061,39 €	56.871,30 €
20	Salvamento y Socorrismo Carballo	G15171911	Salvamento e Socorrismo Deportivo 2025.	44,54	12.575,11 €	42.057,22 €
21	Virgentis Salvametro Bergantiños	G70576483	Actividade deportiva Salvamento e Socorrismo Virsal 2025.	5,79	1.000,00 €	4.320,27 €
Total					165.000,00 €	